



DATOS IDENTIFICATIVOS

Didáctica da lingua e a literatura infantil

Materia	Didáctica da lingua e a literatura infantil			
Código	P02G110V01404			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Montero Santalla, José Martín			
Profesorado	Montero Santalla, José Martín			
Correo-e	santalla@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia pretende acercarse ao coñecemento do proceso de adquisición da linguaxe, e aprender a crear e programar estratexias didácticas que acompañen o desenvolvemento da linguaxe oral como medio de expresión e de comunicación, así como a aproximación á lingua escrita a partir da maduración neuromotora e da exercitación dos mecanismos que interveñen no acto de ler e de escribir, atendendo ao papel da literatura infantil nos seus aspectos oral e escrito.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
A2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
A3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
A4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
A6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
A7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia
A10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
A11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovelas nos estudantes
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Resolución de problemas
B9	Traballo en equipo
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B15	Aprendizaxe autónoma
B17	Creatividade

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer os fundamentos lingüísticos, psicolingüísticos, sociolingüísticos e didácticos da aprendizaxe da lingua	A2	
Coñecer a literatura infantil		B1 B3 B17
Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas da comunidade autónoma	A7	B3 B12
Coñecer o currículo escolar das linguas	A1	
Coñecer o proceso de aprendizaxe e de ensino da linguaxe escrita	A2 A4 A6 A10 A11	B1 B2 B6 B7 B9 B13 B15 B17
Organizar e planificar estratexias metodolóxicas para o ensino da comunicación oral	A2 A3 A4 A6 A11	B1 B2 B6 B9 B13 B15 B17
Ser capaz de identificar os nenos con problemas de linguaxe oral e escrita, así como de orientar os pais	A6 A10	B11

Contidos

Tema	
O PROCESO DE ADQUISICION DA LINGUAXE E OS FACTORES QUE DETERMINAN O SEU DESENVOLVIMENTO	1.- O nivel socioeconómico. 2.- O ambiente familiar. 3.- O ambiente escolar.
DIDÁCTICA DA COMUNICACIÓN ORAL	1.- A DICIÓN: - 1.1. A atención auditiva. - 1.2. A motricidade bucofacial. - 1.3. A respiración. - 1.4. A imitación. 2.- O VOCABULARIO: - 2.1. Clases de vocabulario. - 2.2. A derivación, a composición e o campo semántico. 3.- A EXPRESIÓN ORAL: - 3.1. A comprensión. - 3.2. A expresión. - 3.3. A narración. - 3.4. A descripción. - 3.5. A conversación. - 3.6. O ritmo e a entoación. 4.- A LITERATURA INFANTIL NO SEU ASPECTO ORAL: - 4.1. Os contos (= narrativa). - 4.2. A recitación (= poesía). - 4.3. A dramatización (= teatro). - 4.4. Aplicacións didácticas, especialmente para o desenvolvemento da linguaxe oral.
DIDÁCTICA DA LECTOESCRITURA	1.- FACTORES QUE INTERVEÑEN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DA LECTOESCRITURA: - 1.1. A discriminación visual. - 1.2. A organización espacio-temporal. - 1.3. O control motor. 2.- INICIACIÓN Á LINGUAXE ESCRITA: - 2.1. Análise dos principais métodos de lectura. - 2.2. O enfoque construtivista.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	16	32	48

Seminarios	10	20	30
Traballos de aula	16	32	48
Titoría en grupo	6	0	6
Traballos e proxectos	5	10	15
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Introdución xeral sobre a materia, a metodoloxía e o desenvolvemento do curso, e sobre a avaliación
Sesión maxistral	Exposición dos contidos teóricos dos temas da materia por parte do profesor.
Seminarios	Nos seminarios ampliaranse os contidos tratados nas sesións maxistrais, propondo e comentando actividades que ilustren os temas con maior profundidade ou con novas perspectivas.
Traballos de aula	Os alumnos desenvolven na aula as actividades prácticas que previamente teñan preparado de maneira individual, sobre un tema do programa, relacionándoas coas de outros membros do grupo.
Titoría en grupo	Nas tutorías o profesor supervisa os traballos prácticos dos alumnos, asesorándoos e orientándoos na súa realización.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	O profesor prestará atención personalizada aos alumnos tanto no tempo de tutoría no despacho (tanto presencialmente como por medio do teléfono) como a través do correo electrónico, e igualmente nos traballos de aula. Nesta atención personalizada o profesor escoitará as opinións e suxestións do alumno, orientará as súas propostas e esclarecerá as dúbidas que surxan sobre as tarefas en que está traballando ou sobre calquera tema relacionado coa asignatura.
Traballos de aula	O profesor prestará atención personalizada aos alumnos tanto no tempo de tutoría no despacho (tanto presencialmente como por medio do teléfono) como a través do correo electrónico, e igualmente nos traballos de aula. Nesta atención personalizada o profesor escoitará as opinións e suxestións do alumno, orientará as súas propostas e esclarecerá as dúbidas que surxan sobre as tarefas en que está traballando ou sobre calquera tema relacionado coa asignatura.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	A avaliación farase por un exame escrito, que constará de un número de preguntas sobre os temas desenvolvidos na aula ou contidos no programa da materia. A cada pregunta atribuirase unha cualificación proporcional ao número total de preguntas. Para a cualificación poderá terse igualmente en conta o traballo que teña realizado o alumno ao longo do curso.	100

Outros comentarios sobre a Avaliación

Nunha das últimas clases, antes de concluír o período de docencia, facilitarase aos alumnos unha amostra de cómo vai ser o exame, a fin de que coñezan previamente qué tipo de preguntas van encontrar.

Os criterios de avaliación serán idénticos na primeira e nas sucesivas convocatorias.

Bibliografía. Fontes de información

R. Clemente, *Desarrollo del lenguaje*, Barcelona: Octaedro, 2000.

M. Bigas / M. Correig, *Didáctica de la lengua en la Educación Infantil*, Madrid: Síntesis, 2007.

Andrés Suárez Yáñez, *Iniciación escolar á escritura / lectura: deseño de programas adaptados á diversidade*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1998.

Bibliografía complementaria:

Aurora Marco / Pilar Couto Cantero / Elva Aradas Carollo / Fernando Vieito Liñares (eds.), *Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura (Santiago de Compostela, 27 - 29 de Noviembre de 2002)*, 2 vols., A Coruña: Deputación da Coruña, 2004.

Giuseppe Francescato (trad. de María Antonia Oliver), *El Lenguaje infantil: estructuración y aprendizaje*, Barcelona: Península, 1987.

M. Monfort / A. Juárez, *El niño que habla*, Madrid: CEPE, 1996.

S. Bryant, *El arte de contar cuentos*, Barcelona: Hogar del libro, 1995.

Varios, *Escribir y leer (3 a 8 años)*, Barcelona: Edelvives, 2003.

P. Arnaiz / M. S. Ruiz Jiménez, *La lectoescritura en la educación infantil. Unidades didácticas y aprendizaje significativo*. Málaga, Aljibe, 2001.

A. Calero / R. González / A. Maldonado / M^a. E. Sebastián, *Materiales curriculares para favorecer el acceso a la lectura en la educación infantil*, Barcelona: Praxis, 1999.

J. Cervera, *Literatura y Lengua en la Educación Infantil*, Bilbao: Ed. Mensajero, 1993.

Recomendacións
